

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte de febreiro do ano dous mil quince, ás trece horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández, vicepresidente 1º, en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, cos deputados, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Montero Fernández e don Eladio Mangana Nóvoa, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 13 DE FEBREIRO DE 2015.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día trece de febreiro de dous mil quince, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- FIXACIÓN DE PREZOS DE PUBLICACIÓNS QUE EDITARÁ A DEPUTACIÓN PROVINCIAL.- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes para fixación de prezos de distintas publicacións da Deputación Provincial de Ourense, a **Xunta de Goberno** (en virtude de delegación conferida por acordo do Pleno do 26 de novembro de 2010), por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Fixar o prezo de venda ao público da seguinte publicación, polo importe que se indica:

* Foxo Aira, Ruth: *Detalles Museo Internacional de Cornamusas*

Prezo por libro: 10,00 €

3.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA A REALIZACIÓN DE FESTIVAIS, CICLOS, MOSTRAS OU ACTIVIDADES ANÁLOGAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2015.- Unha vez vistas as bases da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2015, e de

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar as referidas bases, consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto:

1. O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión, por parte da Deputación Provincial de Ourense, de subvencións para o financiamento de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas relacionadas coas artes escénicas e musicais promovidos por persoas físicas ou xurídicas, que se desenvolvan integramente na provincia de Ourense e que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2015, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva.

2. Exclúense do obxecto desta convocatoria, e por conseguinte, non poderán obter subvención ao seu abeiro, as seguintes actividades:

- A realización de actuacións escénicas ou musicais, de carácter senlleiro, que poidan ser obxecto de subvención a través da convocatoria anual realizada por esta Deputación Provincial para o fomento das actividades escénicas e musicais no marco do Plan Tarazona (BOP nº 280, do 5 de decembro de 2014) e a realización de actividades culturais e recreativas que poderán ser obxecto de subvención a través da convocatoria de subvencións para o financiamento de proxectos de actividades culturais e/ou recreativas promovidos por concellos e entidades sen ánimo de lucro da provincia de Ourense e que se realicen durante o ano 2015.

- As actividades promovidas pola Xunta de Galicia, a Administración Xeral do Estado e as súas entidades vinculadas ou dependentes.

3. Os solicitantes poderán presentar cantos proxectos desexen ao abeiro desta convocatoria, sempre que teñan por obxecto a realización de actividades conformes coa definición contida no apartado anterior.

Segunda.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria as persoas físicas e xurídicas promotoras de actividades subvencionables.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias:

As subvencións obxecto desta convocatoria intégranse na liña de acción do fomento da cultura contemplada no apartado C.2 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o exercicio 2015.

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 33417 / 48901 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2015.

A contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións é de 80.000 euros.

Cuarta.- Contía máxima das subvencións:

A contía das subvencións obxecto desta convocatoria consistirá nunha porcentaxe do orzamento dos proxectos seleccionados, podendo acadar, como máximo, o 70% do custo total de cada proxecto.

Sen prexuízo do anterior, ningún beneficiario poderá obter, ao abeiro desta convocatoria, subvencións por importe superior a 20.000 € para o conxunto dos distintos proxectos que presente. Para a aplicación desta regra, nos supostos en que o solicitante presentase diferentes proxectos cuxa valoración conforme ao establecido na base 9ª determinase a obtención dunha contía superior ao límite máximo de 20.000 €, a Deputación concederá as subvencións na contía que proceda de conformidade coa dita valoración, seguindo estritamente a orde de puntuación dos distintos proxectos e ata acadar o límite dos 20.000 €, quedando denegada a subvención para os proxectos aos que correspondería a contía excedentaria do dito límite. No suposto en que a valoración asignada a un proxecto exceda só parcialmente ese límite, a contía da subvención axustarase ata ese límite máximo.

Quinta.- Solicitudes: lugar, prazo de presentación e documentación:

1. As solicitudes, subscritas polo interesado ou polo representante legal da entidade, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a presentación no rexistro xeral desta entidade ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 38.4 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo improrrogable de presentación de solicitudes, finalizará o 28 de marzo de 2015.

3. As solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación:

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

a) Documentación administrativa:

a.1) Documentación administrativa para presentar polas persoas xurídicas públicas:

1.- Solicitude dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases. Deberá achegarse unha solicitude para cada proxecto presentado.

2.- Certificado do acordo de aprobación, polo órgano competente da entidade solicitante, da solicitude de subvención para os diferentes proxectos que se presenten.

3.- Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de acharse a entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

4.-Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións públicas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, segundo o modelo anexo III.

5.- Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.

A presentación do documento sinalado no apartado 5 non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non lle efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da páxina web e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 7ª e 11ª, respectivamente.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

a.2) Documentación administrativa para presentar polas persoas xurídicas privadas:

1.- Solicitude dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases.

2.- Copia cotexada do CIF da entidade.

3.- Copia cotexada do DNI do representante da entidade.

4.- Certificado de inscrición no rexistro oficial correspondente ao tipo de entidade de que se trate.

5.- Estatutos sociais da entidade.

6.- Poder co que actúe o representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme aos estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da representación acreditárase mediante documento acreditativo do seu nomeamento ou elección.

7.- Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de acharse a entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

8.- Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo III.

9.- Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do anuncio de inicio do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso, e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.

A presentación do documento sinalado no apartado 9 non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso, e á emenda de deficiencias na

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

xustificación publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da páxina web e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 7ª e 11ª, respectivamente.

As persoas xurídicas privadas estarán eximidas de presentar os documentos sinalados nos apartados 2, 3, 4, 5 e 6 cando estes documentos xa obrasen en poder da Deputación, agás no caso en que se producisen modificacións no contido dos ditos documentos ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflicten neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substitúa ao anterior. Para estes efectos, os solicitantes deberán facer constar na súa solicitude que se acollen expresamente a este dereito, mediante o modelo oficial que figura no anexo V. Este modelo deberá ser cuberto correctamente para producir efectos. En caso de que non se presente ou se presente incompleto, non se terá en conta para os efectos da tramitación do expediente.

a.3) Documentación administrativa para presentar polas persoas físicas:

1.- Solicitude dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I A destas bases.

2.- Copia cotexada do DNI do solicitante.

3.- Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II A destas bases.

4.- Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo III A.

5.- Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do anuncio de inicio do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso, e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

A presentación do documento sinalado no apartado 5 non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non lle efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso, e á emenda de deficiencias na xustificación publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da páxina web e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 7ª e 11ª, respectivamente.

b) Documentación para a valoración das solicitudes para presentar polas persoas físicas e xurídicas:

Presentarase un proxecto descritivo de cada actividade para realizar, que conterá, polo menos, a seguinte información:

a) Memoria descritiva do proxecto, incluíndo os seguintes apartados:

a.1) Descrición das actuacións que o integran, indicando detalladamente o interese, singularidade e importancia artística e cultural do proxecto.

a.2) Obxectivos que se pretenden acadar coa organización do proxecto.

a.3) Prazo ou data/s de execución.

b) Orzamento individualizado e detallado en ingresos e gastos.

c) Se é o caso, memoria da traxectoria e interese cultural e artístico do evento en exercicios anteriores, achegando recortes de prensa, fotos, información na web, datos sobre o desenvolvemento do evento, participantes e calquera información que sirva para constatar a evolución e incidencia social do programa ou actividade.

A documentación presentada deberase axustar aos criterios de valoración establecidos na base novena desta convocatoria.

Advírtese expresamente que non serán obxecto de valoración, denegándose a concesión da subvención a aquelas solicitudes nas que non se acheguen, cando menos, a memoria descritiva co contido definido no apartado a) e o orzamento do apartado b). Procederase de igual xeito nos supostos en que os documentos presentados se atopen incompletos, padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a súa valoración ou conteñan datos ou previsións de difícil ou imposible realización.

4. Cada petionario de axuda deberá presentar unha solicitude no modelo anexo I para cada proxecto diferenciado das actuacións para as que se solicite subvención,

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

acompañada do correspondente proxecto descritivo conforme co establecido no apartado anterior. No que se refire á documentación administrativa distinta da solicitude no modelo anexo I, terá carácter común para todos eles, bastando con que se presente nunha das solicitudes.

Sexta.- Gastos subvencionables:

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 31 da Lei xeral de subvencións, forman parte do desenvolvemento do proxecto ou programa obxecto desta convocatoria, tales como os cachés dos actuates, premios, alugamento de espazos, servizos e equipamentos técnicos, así como os gastos de viaxes e aloxamento dos participantes nas actuacións solicitadas.

En todo caso, non terán o carácter de gastos subvencionables os seguintes:

- a) Gastos protocolarios.
- b) Investimento ou adquisición de material ou equipos.
- c) Comidas e actividades secundarias sen finalidade cultural.
- d) Salarios, seguros sociais do persoal ao servizo do promotor
- e) Gastos de mantemento de locais
- f) Investimentos consistentes na realización de calquera tipo de obras
- g) Gastos de adquisición de bens inventariables.
- h) Os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e os impostos persoais sobre a renda.
- i) Os xuros, recargas e sancións administrativas e xudiciais.
- J) Xuros debedores de contas bancarias.

Sétima.- Procedemento de concesión:

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.
2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiráselle ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

Para a achega desta documentación poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no anexo VI destas bases.

Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na páxina web <http://www.depourense.es>, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2015.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

3. Transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá informe con proposta de admisión e non admisión de solicitudes e remitirá o expediente á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta de resolución conforme coas regras seguintes:

- a) Con respecto aos proxectos para os que non se achegase de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.
- b) Con respecto ao resto de proxectos, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base novena.

4. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante a páxina web <http://www.depourense.es>, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2015.

No caso de non ter presentado a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 10ª.

Oitava.- Comisión de valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o presidente da Deputación Provincial ou deputado en quen delegue.
- Vogais:
 - O secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
 - O vicesecretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
 - A interventora da Deputación ou funcionario que legalmente a substitúa.
 - Un funcionario do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio.

Actuará como secretaria da comisión a xefa da Sección de Subvencións, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Sé é o caso, a Presidencia poderá nomear técnicos e expertos de recoñecida competencia en materia cultural, que actuarán como asesores da comisión.

Novena.- Criterios para a concesión de subvencións:

1. Para a concesión das subvencións, así como para a fixación da súa contía, a Comisión de Valoración terá en conta os seguintes criterios:

a) Interese social do proxecto en función do seu contido e obxectivos, do orzamento do proxecto e de calquera outro indicador obxectivo que permita valorar a súa importancia e impacto cultural polo seu carácter senlleiro e especial calidade, dimensión ou proxección nacional ou internacional, o seu recoñecemento oficial como proxecto de interese artístico ou cultural e calquera outra circunstancia análoga.

Este criterio valorarase ata un máximo de 30 puntos.

b) Esfuerzo do autofinanciamento realizado polo solicitante, determinado pola existencia de fonte de autofinanciamento ou financiamento privado do proxecto.

- Máis do 50% de autofinanciamento: 10 puntos.
- Máis do 25% de autofinanciamento: 7 puntos.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

- Máis do 15% de autofinanciamento: 5 puntos.
- Máis do 7,5% de autofinanciamento: 3 puntos.
- Máis do 5% de autofinanciamento: 2 puntos.
- Menos do 5% de autofinanciamento: 1 punto.
- Sen autofinanciamento: 0 puntos.

2. O criterio sinalado no apartado b), conforme co establecido no artigo 7.3.d) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, aplicarase mediante o emprego de fórmulas obxectivas de carácter automático. O criterio sinalado no apartado a) responderá a un xuízo de valor motivado da comisión. O emprego deste criterio considérase xustificado a fin de poder valorar elementos cualitativos dos proxectos obxecto de subvención, de imposible valoración obxectiva dada a súa peculiar índole, ao tratarse de actividades culturais.

3. A Comisión de Valoración, en atención ao número de proxectos solicitados, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións. Se é o caso, os proxectos que obteñan unha puntuación inferior á mínima establecida pola comisión incluíranse na lista de reserva prevista no parágrafo 5º da base 10ª.

4. Con independencia da súa valoración, en ningún caso se lle concederá a un proxecto unha subvención superior á da contía pedida na solicitude.

5. En todo caso, a valoración terá carácter individualizado para cada proxecto que se presente, aplicándose as regras establecidas na base 4ª para a asignación da contía das subvencións.

Décima.- Resolución:

A proposta definitiva da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O prazo máximo de resolución será de catro meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. No caso de non o facer así, a Xunta de Goberno resolverá conforme coa proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días desde a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que non comuniquen de xeito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida

O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No suposto de que existisen proxectos de actuacións que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

Undécima.- Publicación do acordo de concesión:

Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, e na páxina web <http://www.depourense.es>, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2015.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertíndolles da publicación da resolución na páxina web

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

<http://www.depourense.es>. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Décimo segunda.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario:

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para dar unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

Inclusión da imaxe institucional da Deputación Provincial de Ourense ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade esta subvencionada pola Deputación, nos carteis e materiais impresos da súa actividade e, se é o caso, na páxina web da entidade subvencionada ou beneficiario, ou da específica do evento.

No caso de incumprimento desta obriga, a Deputación poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Non obstante, non se esixirá o cumprimento desta obriga no suposto de actividades totalmente realizadas con anterioridade á resolución da presente convocatoria.

Décimo terceira.- Xustificación e pago da subvención:

1. Os concellos xustificarán a subvención concedida mediante a presentación da seguinte documentación:

A) Certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto ao proxecto/actuación subvencionado/a:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

B) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

C) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación de copia dos impresos nos que figuren as ditas medidas de difusión) ou da súa inclusión na páxina web da entidade (indicando o enderezo da dita páxina web, para a súa comprobación polos servizos provinciais).

2. As persoas físicas e as persoas xurídicas privadas xustificarán a subvención concedida mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos seguintes documentos:

- A) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- B) Relación clasificada dos gastos do proxecto, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión.
- C) Relación detallada dos ingresos obtidos para o proxecto.

De ser o caso, nas relacións sinaladas nos apartados B) e C) indicaranse as desviacións acaecidas verbo do orzamento presentado coa solicitude, tanto no relativo aos ingresos como aos gastos.

D) Facturas xustificativas dos gastos (ordinarias ou simplificadas, de proceder estas últimas) en orixinal ou duplicado, ou copia cotexada do documento orixinal ou duplicado. O cotexo será realizado exclusivamente por funcionarios da Deputación de Ourense.

Non obstante, a presentación de facturas poderá substituírse pola dos documentos que se indican nos seguintes casos:

- Nos supostos en que non exista obriga legal de emitir factura, o gasto xustificárase mediante recibín asinado pola persoa que efectúa o pago e a persoa que realiza o cobro, que deberá figurar identificada co seu nome e apelidos e NIF (no caso de persoas físicas) ou a súa razón social e NIF (no caso de persoas xurídicas).

En todo caso, os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

E) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

F) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación de copia dos impresos nos que figuren as ditas medidas de difusión) ou da súa inclusión na páxina web da entidade ou da específica do evento (indicando o enderezo da dita páxina web, para a súa comprobación polos servizos provinciais).

3. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

4. A conta xustificativa presentarase conformada polo presidente da entidade ou pola propia persoa física do promotor, se é o caso.

5. De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a execución do proxecto ou programa de actividades, a conta xustificativa presentada deberá acreditar a súa realización completa, independentemente de que o importe da subvención concedida sexa inferior ao orzamento total do proxecto ou programa. No suposto en que só se xustifique a súa execución parcial, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos supostos en que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención, nos que procederá a perda total do dereito á subvención.

6. De advertirse deficiencias de carácter emendable na conta xustificativa, a Presidencia concederá un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, o requirimento para emendar as ditas deficiencias

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na páxina web <http://www.depourense.es>, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos , mostras ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2015.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

7. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia declararase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pago, que será de trinta días naturais contados desde a data da resolución. No suposto no que se advirta, no trámite de xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederase á incoación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de xeito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.

8. A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia, ou ao deputado no que delegue.

9. Sen prexuízo do anterior (e adicionalmente ao control financeiro simplificado previsto no apartado 2, parágrafo 2º desta base) a Intervención da Deputación Provincial poderá esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

10. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación antes do 31 de outubro de 2015. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes do 31 de outubro. En ningún caso se poderán conceder prórrogas por un período superior a un mes e medio.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

11. Como regra xeral, as subvencións seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais desde que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a pedimento dos interesados, suxeitos á constitución de garantía por importe do 100% do anticipo solicitado. Para estes efectos, admitiranse as seguintes garantías:

a) Aval de entidade de crédito

b) Seguro de caución

c) Fianza en metálico

d) No suposto de subvencións por importe de ata 6.000 euros, admitirase fianza solidaria prestada por dous ou máis persoas físicas e xurídicas, sempre que estas acrediten suficientemente a súa solvencia económica.

Non obstante o anterior, estarán exentas da prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que, no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante.

Décimo cuarta.- Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei, así como ás obrigas de publicidade.

Décimo quinta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

En consecuencia, estas subvencións son incompatibles con calquera outra concedida pola Deputación Provincial de Ourense ou polo INORDE para a mesma finalidade, con independencia da súa contía e procedemento de concesión.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

Décimo sexta.- Reintegro ou perda do dereito ao cobro das subvencións:

En caso de incumprimento do beneficiario por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro incluírá sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, ditarase a resolución que corresponda pola Presidencia.

Décimo sétima.- Normativa supletoria:

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

ANEXO I**(PERSOAS XURÍDICAS PÚBLICAS E PRIVADAS)****SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE FESTIVAIS, CICLOS, MOSTRAS OU ACTIVIDADES ANÁLOGAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2015.**

D/D. ^a		DNI/NIE
REPRESENTANTE LEGAL DE		CIF
ENDEREZO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
TELEFONO FIXO	TELÉFONO MOBIL	
ENDEREZO ELECTRÓNICO		

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

EXPÓN:

Que a entidade que represento cumpre os requisitos esixidos na convocatoria de subvencións do ano 2015 para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2015.

Que asume todos os compromisos reflectidos na devandita convocatoria e acompaña a documentación esixida nesta.

SOLICITA SUBVENCIÓN PARA O SEGUINTE PROXECTO:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	
ORZAMENTO DO PROXECTO	€
CONTÍA SOLICITADA	€

Ourense, ____ de _____ de 2015.

(Selo da entidade)

(Sinatura)

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**ANEXO I A****(PERSONAS FÍSICAS)****SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE FESTIVAIS, CICLOS, MOSTRAS OU ACTIVIDADES ANÁLOGAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2015.****DATOS DO SOLICITANTE:**

NOME		DNI/NIE	
ENDEREZO		MUNICIPIO	PROVINCIA
CÓDIGO POSTAL	N.º DE TELÉFONO FIXO	N.º DE TELÉFONO MÓBIL	
ENDEREZO CORREO ELECTRÓNICO			N.º DE FAX

☐ No seu propio nome

☐ Na representación de _____ con DNI/NIE _____.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

SOLICITA SUBVENCIÓN PARA O SEGUINTE PROXECTO:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	
ORZAMENTO DO PROXECTO	€
CONTÍA SOLICITADA	€

_____ de _____ de 2015

Asdo.: _____

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

ANEXO II
DECLARACIÓN
(PERSONAS JURÍDICAS PÚBLICAS E PRIVADAS)

D/D. ^a	DNI/NIE
En representación da entidade:	

DECLARO:

- | |
|--|
| - Non atoparme incurso/a en ningún dos supostos de incompatibilidade aos que se refire o artigo 13.2 d) da Lei xeral de subvencións. |
| - Que a entidade á que represento non se atopa incursoa en ningunha das prohibicións de obtención de subvencións da Deputación Provincial de Ourense ás que se refire o artigo 13 da Lei xeral de subvencións. |
| - Que a entidade á que represento está ao día nas súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica e coa Seguridade Social. |

E para que conste, para os efectos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, asino a presente declaración en Ourense, o _____ de _____ do 2015.

Asdo.: _____
(O representante da entidade)

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

ANEXO II A
(PERSONAS FISICAS)

Don/Dona _____,
con DNI/NIE _____, no meu propio nome ou en representación
de _____,

DECLARO:

- Non atoparme incurso/a en ningún dos supostos de incompatibilidade aos que se refire o artigo 13. 2d) da Lei xeral de subvencións.

- Acharme ao día nas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica e coa Seguridade Social.

E para que conste, para os efectos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, asino esta declaración.

Ourense, _____, _____ de _____ de 2015

Asdo.: _____

ANEXO III
DECLARACIÓN
(PERSONAS JURÍDICAS PÚBLICAS E PRIVADAS)

D/D. ^a	DNI/NIE
En representación da entidade:	

DECLARA:

☐	Non ter solicitada nin, en consecuencia, ter concedida ningunha axuda para o mesmo fin, sexa pública ou privada.
☐	Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para o mesmo fin:

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

Organismo ou entidade ao que solicita	Data solicitude	Concesión ⁽¹⁾	Contía

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase pendente na columna.
No caso de solicitudes denegadas, farase constar denegada.

Ourense, _____, de _____ de 2015

Asdo.: _____
(O representante da entidade)

**ANEXO III A
(PERSOAS FÍSICAS)**

Don/Dona _____,
con DNI/NIE _____, no seu propio nome ou en representación
de _____,

DECLARA:

Que presentou as solicitudes e lle foron concedidas, se é o caso, as seguintes axudas:

Organismo ou entidade ao que solicita	Data solicitude	Concesión (1)	Contía	Data cobro (2)

- (1) Indicar a data da concesión. No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase “pendente” na columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar “denegada”.
- (2) Indicar a data de cobro. No caso de estar pendente, indicárase “pendente” na columna.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015



Non ter solicitado nin, en consecuencia, concedérselle ningunha axuda para o mesmo fin, sexan públicas ou privadas.

_____, ____ de _____ de 2015

Asdo.: _____

**ANEXO IV
AUTORIZACIÓN
(PERSONAS FÍSICAS E JURÍDICAS PÚBLICAS E PRIVADAS)**

D/D. ^a	DNI/NIE
En representación da entidade:	

AUTORIZO:

Á Deputación Provincial de Ourense a facerme as comunicacións para recibir, a través do correo electrónico e/ou sms, indicados na solicitude, a comunicación do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, do anuncio do trámite de audiencia, da publicación do acordo de resolución do concurso, e de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención outorgada no concurso para a concesión de subvencións a concellos para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2015.

Ourense _____ de _____ de 2015

Asdo.: _____
(O representante da entidade)

**ANEXO V
(PERSONAS FÍSICAS E JURÍDICAS PÚBLICAS E PRIVADAS)**

D./D.^a. _____ con DNI _____,
 en representación de _____, con
 CIF _____, achégolle a documentación solicitada para unir ao expediente
 de solicitude de subvención para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades
 análogas correspondentes ao exercicio 2015.

Ourense, ____ de _____ de 2015

Asdo.: _____
(Nome e apelidos)

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 20 de febreiro de 2015

4.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

5.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non houbo.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás trece horas e trinta minutos, do referenciado día vinte de febreiro do ano dous mil quince, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,